

ANUNCIO

Faise público que por Resolución de Alcaldía núm 152/2025 do 18 de febreiro, resolveuse o seguinte:

Primeiro.- Aprobar as bases reguladoras do XV Concurso de Tapas de Fene 2025 e que se transcriben como anexo.

Segundo: Publicar as bases na páxina web www.fene.gal

ANEXO

BASES XV CONCURSO DE TAPAS DE FENE 2025

1. **OBXECTO DO CONCURSO:**

O Concello de Fene coa finalidade de promover e dinamizar a actividade do sector da hostalería, convoca o XV Concurso de Tapas de Fene 2025.

2. **PARTICIPANTES:**

Poderán participar todos os establecementos de hostalería do ámbito municipal de Fene, legalmente establecidos, previa inscrición no prazo e forma establecido nestas bases.

3. **REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN:**

- As tapas deberán ser elaboradas de forma artesanal.
- Non se aceptarán receitas precociñadas en toda ou algunha das súas partes.
- A organización resérvase o dereito de non aceptar unha tapa a concurso se considera que non se axusta ás condicións descritas. Neste caso, o establecemento terá a opción de presentar outra tapa ao Concurso.
- Non poderán participar as tapas presentadas nas 4 últimas edicións.

4. **PRAZO DE INSCRICIÓN:**

A inscrición deberá presentarse de acordo co artigo 14. da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a través dos seguintes medios:

- persoas físicas, poderán elixir: o rexistro xeral de entrada do Concello de Fene ou a sede electrónica <https://sede.fene.gal>
- persoas xurídicas, **obrigatoriamente** a través da sede electrónica <https://sede.fene.gal>,

O prazo de inscrición remata o 10 de marzo de 2025.

Para inscribirse deberá cumprimentar debidamente o modelo de solicitude (anexo I).

As solicitudes de inscrición serán atendidas por orde de chegada.

É obrigatorio que o local envíe unha foto da tapa no período de inscrición ao correo desenvolvemento.local@fene.gal.

5. **PREMIOS:**

5.1. Premios para a clientela:

Entre todas as persoas votantes que selen correctamente a FENERRUTA, sortearanse os seguintes premios:

- *Unha Viaxe a Milán, Londres, Sevilla ou Málaga*, que inclúe:
 - o Billetes de avión dende Santiago de Compostela ou Coruña en compañía de baixo coste, só con equipaxe de man.
 - o Estancia de 3 días/2 noites para dúas persoas en réxime de aloxamento e almorzo.
 - o Seguro de asistencia en viaxe.
 - o Datas suxeitas a dispoñibilidade.

Premio por cortesía de Estrella Galicia.

- *Limpeza da tapicería dun turismo.*

Premio por cortesía de Ecolimpauto.

- *Unha subscrición no ximnasio Fitness Fene durante tres meses.*

Premio por cortesía de Fitness Fene.

Entre todas as tarxetas cumprimentadas pola clientela nos propios establecementos, sortearanse os seguintes premios:

- *Un pequeno electrodoméstico.*

Premio por cortesía de Electro Agro Fene.

- *Tres estoxos de produtos de bodegas Barral.*

Premios por cortesía de Bodegas Barral.

- *Un mes de clase en calquera modalidade, na Escola de Música Bellón-Maceiras.*

Premio por cortesía de Escola de Música Bellón-Maceiras.

- *Tres libros de cociña.*

Premio por cortesía de Imprenta San Esteban.

- *Unha maleta de cabina.*

Premio por cortesía de Organiza Viajes.

- *Unha maleta de cabina.*

Premio por cortesía de Arlo Viajes.

5.2. Premios para os establecementos participantes:

➤ Tapas CAMPIOAS

- Voto xurado: Diploma e unha cesta de produtos, por cortesía de Eroski Center.
- Voto popular: Diploma e unha cesta de produtos, por cortesía da Cooperativa Santa María do Val.

➤ Tapas SUBCAMPIOAS

- Voto xurado: Diploma e un batedor por cortesía de Establecimientos Aguilar.
- Voto popular: Diploma e un batedor, por cortesía de Establecimientos Aguilar.

Os premios por cortesía das empresas colaboradoras non serán por conta do Concello de Fene, podendo variar tanto as empresas colaboradoras como os premios patrocinados, garantíndose en todo caso outros premios similares ou equivalentes.

6. FASES DO CONCURSO:

6.1.- Presentación:

Antes do comezo do concurso, realizarase unha presentación aos medios de comunicación para explicar as bases e as características do certame.

6.2.- O Concurso:

• **Datas.-**

O concurso terá lugar **dende o día 4 de abril ao 13 de abril de 2025**

Os días da semana nos que se poderá degustar a tapa son, venres, sábados e domingos, agás que por causas xustificadas o local permaneza pechado.

• **Horarios.-**

O horario no que a tapa estará obrigatoriamente a disposición do cliente será o indicado na Fenerruta e en xeral:

Venres de 20:00 a 22:00 horas

Sábados de 13:00 a 15:00 h e de 20:00 a 22:00 horas.

Domingos de 13:00 a 15:00 horas.

O local poderá ampliar o seu horario para a degustación da tapa, se o estima oportuno.

Os establecementos participantes deberán ter expedida ao público a tapa coa que participan durante o horario de obrigatorio cumprimento e nas datas establecidas.

- **Prezo.-**

A tapa do concurso **cobrarase a 2,50 €.**

- **Outros.-**

Cada participante deberá informar á clientela de que se está a celebrar o XV Concurso de tapas coa finalidade de promocionalo e dalo a coñecer.

Entregarase un cartel de participación no que aparecerá o nome do establecemento e o nome da tapa coa que concursa.

Cada establecemento terá unha urna, tarxetas de participación, Fenerrutas e selo co que se confirma na FENERRUTA que se degustou a tapa.

Na urna depositaranse as tarxetas de participación e as Fenerrutas cubertas pola clientela, para o sorteo dos premios.

Se por algunha circunstancia xustificada, en algún momento o establecemento non pode servir a tapa coa que concursa e como consecuencia a clientela non pode selar toda a Fenerruta, esta poderá participar igualmente na votación e no sorteo de agasallos, e ser depositada na urna que atopará nos establecementos participantes.

6.3.- Selección de finalistas:

- **TAPA por votación do xurado**

Un xurado que será designado pola Alcaldía degustará as tapas participantes e emitirá o seu voto para cada unha das tapas.

Durante o concurso, as persoas integrantes do xurado de forma anónima visitarán os establecementos para degustar e avaliar as tapas. Ao final da súa degustación identificaranse como membro do xurado, momento no que presentará un documento ao establecemento no que deixará constancia co selo da Fenerruta do súa degustación.

O xurado poderá solicitar ao local participante explicacións de como foi elaborada a tapa.

As persoas do xurado reuniranse a deliberar o día que designe o alcalde e decidirán unha tapa campioa e unha tapa subcampioa.

En caso de empate, gañará a tapa que máis puntuación obteña na seguinte orde: creatividade, sabor e presentación.

O xurado estará presidido por unha persoa representante do Concello de Fene e composto por dúas persoas vogais nomeadas para tal efecto pola Alcaldía:

- unha persoa representante da Asociación de Empresarios de Hostalería Ferrol e Comarca.
- un/unha mestre/a de cociña.

Actuará como secretaria/o persoal da área de promoción económica, con voz pero sen voto.

Unha vez realizada a selección dos establecementos gañadores publicárase a decisión do xurado mediante anuncio nos medios de comunicación e na páxina web do Concello de Fene (www.fene.gal)

CRITERIOS DE VALORACIÓN DO XURADO:

As persoas integrantes do xurado degustarán as tapas e avaliarán cada unha delas puntuando os seguintes aspectos segundo a rúbrica que así consideren e acorden previamente, co límite da seguinte puntuación:

- Ingredientes: Ata 7 puntos.
- Elaboración: Ata 7 puntos.
- Creatividade: Ata 7 puntos.
- Sabor: Ata 7 puntos.

- Presentación: Ata 7 puntos.
- Concepto de tapa: Ata 7 puntos.

Unha tapa debe ser pequena e poder degustarse en dous ou tres bocados.

▪ **TAPA por votación popular**

A clientela terá á súa disposición un folleto denominado FENERRUTA co que poderá percorrer os establecementos participantes e selar aqueles que visita e nos que degusta a tapa. Unha vez completada a Fenerruta e selada correctamente ten a posibilidade de votar pola que considera a mellor tapa.

Só serán válidos os votos da FENERRUTA que estea selada correctamente.

O recuento de votos da Fenerruta será realizado por:

- A concelleira de promoción económica, ou persoa en quen delegue.
- Unha persoa representante da Asociación de Empresarios de Hostalería Ferrol e Comarcas.
- D^a. M^a Belén Souto Calvete, que actuará como secretaria.

A tapa que teña máis votos terá o premio á mellor tapa popular.

Haberá unha tapa campioa e unha tapa subcampioa.

En caso de empate, gañará o local que máis tarxetas da clientela recolla na urna.

6.4.- Entrega dos premios:

A entrega de premios aos establecementos gañadores realizarase en acto público que terá lugar na data que determine o alcalde-presidente. Neste acto desvelaranse os establecementos gañadores e procederase á realización dos sorteos aos que opta a clientela.

Os sorteos realizaranse do seguinte xeito: Nunha urna introduciranse tódalas Fenerrutas seladas correctamente e noutra urna introduciranse as tarxetas cubertas e que previamente foron recollidas nos establecementos participantes. Por cada premio extraerase unha tarxeta gañadora e unha suplente para o caso en que no se de contactado coa persoa gañadora ou esté mal cumprimentada.

7. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS.

Durante algúns días do concurso haberá unha animación pola rúa que animará á xente a entrar nos establecementos e participar no concurso.

8. DEREITOS DE IMAXE

As persoas participantes e/ou premiadas ceden os seus dereitos de imaxe para as reportaxes fotográficas informativas e promocionais relacionadas con este concurso en calquera soporte divulgativo (prensa escrita, web, etc.)

9. ACEPTACIÓN DAS BASES

A presentación ao concurso implica a aceptación das bases do mesmo.

10. ANEXO I

Modelo de solicitude

ANEXO I
SOLICITUDE XV CONCURSO DE TAPAS 2025

NOME E APELIDOS DA PERSOA QUE SUSCRIBE A SOLICITUDE	D.N.I.



NOME DO ESTABLECEMENTO:

ENDEREZO:

C.P.:

LOCALIDADE:

TELÉFONOS:

CORREO ELECTRÓNICO:

Nome da tapa _____

Ingredientes _____

Elaboración da tapa _____

ALÉRXENOS:

- Apio Altramuces Cacahuetes Glutén Crustáceos Ovo Sulfitos
 Lácteos Froitos secos Moluscos Mostaza Peixe Sésamo Soia

EXPÓN:

1º.- Que, reúne os requisitos esixidos nas bases da convocatoria para participar no XV Concurso de Tapas de Fene 2025.

2º.- Que durante o concurso o día ou os días da semana en que o local permanecerá pechado ao público ou que non pode ofrecer a tapa é/son no horario, motivo polo que nesta data non poderá participar no concurso.

3º.- Que acepta o establecido nas bases do XV Concurso de Tapas de Fene 2025

SOLICITA:

Participar no XV concurso de tapas, con expreso sometemento ás bases, e declara a persoa abaixo asinante que os datos sinalados, son certos.

Fene, a ____ de _____ de 2025

O/A INTERESADO/A

Asdo:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE FENE

Para calquera consulta relacionada co presente concurso poden dirixirse á axente de emprego e desenvolvemento local no teléfono 981 49 27 67.

En Fene, asinado dixitalmente polo alcalde, Juventino José Trigo Rey, na data que figura na marxe.